

## **Transacción 41 e 42.**

Por este motivo, entendemos non existe marxe para unha Europa social e dos pobos dentro da UE exemplo disto é o caso grego, onde unha forza aparentemente rupturista que comezara prometendo auditar e negociar a débeda coa UE, rematou por facer recortes por non cuestionar os alicerces deste organismo nin a saída do Euro. Neste sentido, en liña coa posición histórica do soberanismo galego defendemos a superación da UE pola imposibilidade de manter a soberanía nacional e unha planificación económica para as maiorías sociais no seu seo.

## **Emenda 241**

Ese compromiso coa unidade de acción debe darse conta na práctica política, actuando consencientemente de xeito construtivo e honesto e á altura dunha ferramenta como Galiza Nova, que aspira a ser o referente de masas para o conxunto da mocidade galega. Entendemos que a nosa organización e a nosa sigla non é un fin en si mesmo, senón unha ferramenta a través da que avanzamos na loita polas nosas maiorías políticas, isto é, pola República Galega e o pobo galego.

## **Emenda 242**

Por último, achamos que é preciso ampliar os marcos de articulación do soberanismo galego como se sinala na estratexia Avanza Galiza, tirada da última Asemblea Nacional do BNG, que fala da necesidade de conformar un espazo de coordinación para as organizacións políticas, sociais e sindicais do nacionalismo. Isto vai a colaborar na superación de eivas organizativas nas que os tempos veñen definidos desde fóra e concentrará a articulación dunha folla de ruta construída entre todas que integre o inmediato e o concreto dentro da loita pola República Galega e ao mesmo tempo, avanzarmos na construción nacional e na creación de poder popular ent todas as fronteas.

## **Transacción emendas 229,231, 236.**

Nos últimos tempos, a militancia de Galiza Nova aumentou de xeito considerábel, reflexo de que a mocidade galega ve na opción política que representamos un proxecto que realmente defende e aposta activamente por este sector da sociedade. Para que a fronte patriótica continúe no seu avance, a participación da militancia de Galiza Nova no seo do BNG é imprescindible para o presente e futuro do proxecto nacionalista, polo que o traballo militante neste sentido ten que orientarse a recuperar espazos e gañar referencialidade para o BNG e consolidalo como unha ferramenta verdadeiramente útil para o País. Porén, para ese obxectivo, debemos analizar algúns factores que dificultan a implicación real da militancia, a axenda política e institucional marca moitos dos tempos da fronte que impeden a creación de dinámicas de actividade da mocidade no BNG.

Galiza Nova debe ser o motor para desenvolver políticas nacionalistas en materia de mocidade alí onde se teña capacidade, nas diferentes asembleas, nos grupos de traballo nacionais do BNG ou na elaboración dos propios programas electorais mais tamén debe ser quen de achegar á fronte debates e análises da mocidade que axuden a construír a práctica política.

Coa maior implicación de militancia no BNG tamén debemos afortalar a nosa capacidade institucional que nos axude a verteberar unha política nacionalista xuvenil clara e común, para isto cómpre fortalecer a responsabilidade de Relacións Institucionais. É importante tamén neste sentido impulsar espazos internos de debate para mellorar e fortalecer a nosa liña de actuación no eido institucional así como acompañar ás compañeiras que poidan estar desempeñando esas funcións. Porén, cómpre non perder a perspectiva e traballar desde as bases até o institucional para así articularnos en todos os campos da forma máis cohesionada posíbel.

Por último, e do mesmo xeito que o BNG pode ser un punto de apoio para consolidar a estrutura organizativa de Galiza Nova nas comarcas onde xa exista esta estrutura e para creala onde non a haxa, o traballo e presenza de Galiza Nova pode servir para afortalar organizativamente o BNG.

## **Transacción á emenda 259**

Art. 12.- A Asemblea Nacional ou, no seu caso, a Dirección Nacional, poderán nomear unha Comisión de Garantías ou de resolución de conflitos. Estará integrada por 5 persoas **que non formen parte da Dirección Nacional**: unha designada pola Asemblea Nacional de Mulleres, outra pola Asemblea Nacional LGBT, e as tres restantes escollidas pola Dirección Nacional en base ás propostas elaboradas polas Asembleas Comarcais.

## Transacción á emenda 337

### CAPÍTULO IX: DA COMISIÓN DE GARANTÍAS

Artigo 71. A Comisión de Garantías é o órgano encargado **durante o período interasemblemar** de velar polo respecto ás normas de funcionamento de Galiza Nova e polos dereitos das afiliadas e afiliados, a democracia interna e a resolución de conflitos. A súa función é ditaminar se as sancións ou medidas disciplinarias aplicadas se axustan aos principios organizativos e aos presentes estatutos.

Artigo 72. A CG é un órgano colexiado que se rexe polos principios de independencia e imparcialidade. **A CG ten plenas facultades para facer valer as súas resolucións por cima dos ditames da DN como órgano de recurso, quedando unicamente supeditada à Asemblea Nacional, que poderá ser convocada de xeito extraordinario para resolver en última instancia.**

Artigo 73. A CG está integrada por 5 persoas: unha designada pola Asemblea Nacional de Mulleres, outra pola Asemblea Nacional LGBT, e as tres restantes escollidas pola Dirección Nacional en base ás propostas elaboradas polas Asembleas Comarcais **e após a Asemblea Nacional.**

Artigo 74. Nas resolucións da Comisión de Garantías será necesario o voto afirmativo dunha maioría cualificada ~~dos 2/3 dos membros do organismo de 4~~ **persoas.**

Artigo 75. No caso de que se lle abra un Proceso de Investigación a unha integrante da CG, esta quedará automaticamente suspendida das súas funcións ate que se resolva o proceso. No caso de sanción, causará baixa da CG.

Artigo 76. As integrantes da Comisión de Garantías non poden facer parte de ningún outro organismo da organización nin ostentar ningún cargo de responsabilidade na Asemblea Comarcal. As integrantes da CG non poden ser liberadas da organización.

Artigo 77. As funcións da Comisión de Garantías son:

- a) Interpretar os presentes Estatutos e as Teses vixentes.
- b) Garantir os dereitos das persoas afiliadas.
- c) Resolver os recursos aos expedientes disciplinarios.

## CAPÍTULO X. DOS PROCESOS DE INVESTIGACIÓN

Artigo 78. A Comisión de Investigación é o órgano encargado de resolver as denuncias presentadas na organización. Ante a presentación dunha denuncia a Dirección Nacional, **esta** conformará unha Comisión de Investigación para a resolución do conflito.

Artigo 79. A CI está integrada por 3 persoas designadas pola Dirección Nacional **que non formen parte da mesma** e pertencentes a comarcas distintas das persoas implicadas para garantir a imparcialidade.

Artigo 80. As integrantes da Comisión de Investigación non poden facer parte de ningún outro organismo da organización nin ostentar ningún cargo de responsabilidade na Asemblea Comarcal. As integrantes da CI non poden ser liberadas da organización.

**Caso o proceso estea enmarcado no Protocolo contra as violencias machistas e lgbtfóbicas, serán as correspondentes Asembleas Nacionais as encargadas de escolleren a CI.**

Artigo 81. As funcións da Comisión de Investigación son:

- a) Basearse nos presentes Estatutos e as Tese vixentes para realizar a investigación.
- b) Garantir os dereitos das persoas afiliadas.
- c) Velar pola democracia interna e garantir o correcto funcionamento da organización conforme aos presentes estatutos.
- d) Velar pola aplicación do Protocolo contra as violencias machistas e lgbtfóbicas.

Artigo 82. Do procedemento de investigación.

- a) Calquera militante de Galiza Nova pode solicitar a apertura dun Proceso de Investigación poñéndose en contacto coa Dirección Nacional remitindo unha solicitude de apertura dunha investigación relatando a relación de feitos que a motivan. Este trámite realizarase por escrito por correo postal ou por correo electrónico.

~~b) Aquelas persoas ás que se lle abra un Proceso de Investigación ficarán automaticamente suspendidas de militancia até a resolución da investigación por parte da Dirección Nacional.~~

c) Unha vez recibida a solicitude a CI deberá notificar ás persoas afectadas de xeito escrito a apertura do Proceso de Investigación.

d) A CI poderá ademais solicitar a comparecencia das persoas interesadas. Ante calquera asunto que chegue á CI esta comisión demandará das persoas interesadas informes e/ou alegacións que deberán ser entregadas á comisión no prazo máximo de 15 días desde a solicitude.

e) O prazo para a resolución dos procesos de investigación será dun mes desde a apertura e será comunicada por escrito ás persoas interesadas.

f) A CI poderá propoñer sancións ao fin do proceso de investigación segundo os presentes estatutos.

g) A CI elaborará un informe após a finalización da investigación para trasladar á Dirección Nacional no cal se recollerá de xeito pormenorizado o procedemento e, de habela, a proposta ou propostas de sancións.

## CAPÍTULO XI: DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 83. Calquera actuación atentatoria contra os principios de Galiza Nova ou do BNG ou calquera violación flagrante do seu ordenamento estatutario será motivo de sanción, atendendo á súa gravidade.

Artigo 84. A Dirección Nacional é o órgano competente para ditaminar as sancións. **Tales ditames poden ser recorridos perante a CG ou a ANE en última instancia.**

Artigo 85. Galiza Nova rexeráse no réxime de dereitos e obrigas dos/as seus/súas afiliados/as polos mesmos principios xenéricos que rexen no BNG, adaptados ao seu ámbito específico de actuación. ~~En caso de conflito competencial entre os órganos do BNG e Galiza Nova, resolverá o Consello Nacional do BNG.~~

Artigo 86. As sancións poderán ser leves, graves ou moi graves.

Artigo 87. Das sancións. Son causas de sanción dunha ou dun militante:

a) Boicotear a posta en práctica das decisións maioritarias da Organización.

b) Actuar contrariamente ao programa e ás resolucións da Asemblea Nacional.

c) Manter actitudes ou prácticas que danen a Organización.

~~As sancións serán ditaminadas pola Dirección Nacional como máximo órgano de Dirección entre períodos asemblearios.~~

En virtude da gravidade dos actos que se sancionen as medidas que se poderán adoptar son:

a) Advertencia ~~da sanción.~~

b) ~~Censura.~~ **Retractación.**

c) Destitución dos cargos que ocupa, ~~no seu caso. Esta destitución terá carácter temporal até que se reúna o órgano que o elixiu.~~

d) Suspensión da militancia.

f) Expulsión de Galiza Nova e, en consecuencia, do BNG.

**g) Calquera outra medida que for considerada pertinente.**